

25/11/ 2022

# Adianto estudo do grao de parasitación *Torymus sinensis* (TS) 2022.

## Análise dos datos ao 10% dos Puntos de recollida. (1.200 puntos de mostraxe)

O programa de acción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, conta con dúas liñas principais de actuación:

- 1) Solta do seu parasitoide (*Torymus sinensis*) na primavera.

No ano 2022 realizouse a solta de 1.200.150 individuos.

- 2) Estudo do grao de parasitación.

Respecto á segunda liña de actuación, o estudo do grao de parasitación das soltas do parasitoide *Torymus sinensis*, realizadas na primavera do 2022, comezou nese mesmo outono recollendo bugallas xeradas polas postas do *Dryocosmus kuriphilus* nas que se comproba a presenza de *Torymus sinensis*.

En 1.200 puntos de mostraxe, escollidos entre os puntos de solta do parasitoide, cóllense un mínimo de 10 bugallas, para un total de 12.000 bugallas. Estas bugallas son enviadas á Estación Fitopatolóxica do Areeiro (EFA), onde comprobamos mediante a súa apertura, a presenza do parasitoide.

O criterio de elección xenérico para a localización dos 1.200 puntos de recollida de bugallas, está baseado na cuadrícula de distribución homoxénea utilizada nas soltas que se fixeron na primavera 2022.

Os criterios de elección dos puntos de recollida das bugallas, están baseados principalmente nos puntos onde se detectaron baixas parasitacións e en puntos de alta parasitación, no ano anterior, para ver a súa evolución e por lugares onde nunca se recolleron bugallas nos últimos anos. Comezouse a recollida das bugallas polos puntos onde o ano anterior existía unha baixa parasitación. Estes datos van ser moi útiles para a planificación da solta do parasitoide na primavera do 2023.


## Recuperacións TS 2022. (Adianto 10 % PUNTOS)

Nº_PUNTOS ANALIZADOS	PUNTOS DE MOSTRAXE SEN PRESENZA DE PARASITOS TS	PUNTOS DE MOSTRAXE CON PRESENZA DE PARASITOS TS	% PUNTOS DE MOSTRAXE CON PRESENZA DE PARASITOS TS	Nº_TS	TS/PUNTO
114	2	112	98	1.472	13

Para coñecer a evolución das poboacións de *Torymus sinensis*, a continuación detallamos a comparación 2021\_2022 da porcentaxe de parasitación por cuadrícula:

Nº CUAD. 16X 16	Nº PUNTOS	Nº TS 2021	Nº TS 2022	%PARASITACION 2021	% PARASITACION 2022
1	1	0	14	0,00	46,67
6	1	0	3	0,00	10,00
9	1	0	36	0,00	98,00
14	1	1	19	3,33	63,33
23	1	0	4	0,00	13,33
24	3	0	47	0,00	52,22
25	1	0	8	0,00	26,67
34	1	0	15	0,00	50,00
35	3	2	29	6,67	32,22
36	3	0	47	0,00	52,22
37	5	2	83	6,67	55,33
48	2	1	12	3,33	20,00
51	2	0	25	0,00	41,67
66	1	1	21	3,33	70,00
67	1	0	8	0,00	26,67
74	14	6	123	20,00	29,29
75	1	1	16	3,33	53,33
76	4	2	47	6,67	39,17
77	1	0	22	0,00	73,33
78	2	2	31	6,67	51,67
79	3	0	37	0,00	41,11
87	1	0	12	0,00	40,00
88	1	1	11	3,33	36,67
89	1	0	17	0,00	56,67
91	1	0	32	0,00	98,00
103	1	0	17	0,00	56,67
128	2	0	32	0,00	53,33
135	4	0	19	0,00	15,83
136	7	4	44	13,33	20,95
137	2	1	19	3,33	31,67
<b>TOTAL</b>	<b>72</b>	<b>24</b>	<b>850</b>	<b>80,00</b>	<b>39,35</b>

### PLANO DE Nº DE *TORYMUS SINENSIS* RECUPERADOS NO ANO 2022 (Adianto do 10%)



### PLANO DE Nº DE *TORYMUS SINENSIS* RECUPERADOS NO ANO 2021 CON BAIXA PARASITACIÓN.

